



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO O 22 DE FEBREIRO DE 2017, RELATIVA ÁS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS LAT 220 KV DC LOUSAME-MAZARICOS, NOVA SUBESTACIÓN A 220 KV DE LOUSAME, LAT 220 KV DC E/S NA SUB. LOUSAME DA LAT SANTIAGO-TAMBRE E LAT 220 KV DC LOUSAME-TIBO, PROMOVIDAS POR RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA, SAU NAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA (CLAVE: 2010/0239).

De conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

O texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, establece no seu artigo 3.1 que os proxectos, públicos e privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou calquera outra actividade comprendida no seu anexo I deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista na dita normativa.

O proxecto ao que se refire esta proposta de declaración atópase incluído no grupo 3.g do citado anexo I, polo que, téndose sometido a avaliación de impacto ambiental, procede formular a súa declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co artigo 12.1 da referida lei.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO E OS ELEMENTOS AMBIENTAIS DO CONTORNO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Red Eléctrica de España, SAU e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

O proxecto consiste na execución dunha nova subestación a 220 kV no concello de Lousame (A Coruña) e tres liñas eléctricas aéreas de alta tensión a 220 kV que totalizan uns 69,43 km de lonxitude, e que conectarán a dita subestación coas existentes en Tibo (Caldas de Reis, Pontevedra) e Mazaricos (Mazaricos, A Coruña) e coa LAT 220 kV Tambre-Santiago que discorre polas inmediacións.

Todas as liñas serán de dobre circuito e contarán con condutor tipo Cándor AW e dous cables de terra e fibra óptica tipo OPGW, sobre apoios metálicos de celosía.

A finalidade destas instalacións é mellorar a calidade da subministración eléctrica na súa zona de influencia, contribuír ao mallado da rede de transporte de tipo estrutural e facilitar a evacuación da xeración en réxime especial prevista no plan eólico de Galicia.

O ámbito de actuación abrangue terreos dos concellos de Lousame, Rois, Brión, Negreira, Outes, Mazaricos, Padrón e Teo na provincia da Coruña e de Pontecesures, A Estrada, Valga, Cuntis e Caldas de Reis na de Pontevedra.

No anexo desta declaración inclúese un bosquejo do proxecto conforme figura no documento de síntese do estudo de impacto ambiental presentado polo promotor no marco da tramitación ambiental.

1.3. Principais elementos ambientais do contorno

A morfoloxía da área de estudo é bastante accidentada, con pendentes pronunciadas froito da erosión fluvial. O clima é de tipo oceánico, con invernos suaves, veráns frescos e precipitacións frecuentes.

A nivel hidrolóxico, a área de actuación pertence ao ámbito competencial de Augas de Galicia e inclúe as seguintes cuncas hidrolóxicas: ría de Arousa, río Ulla, río Tambre, ría de Muros-Noia, río Xallas e río Umia. Hai tres encoros salientables: Barrié de la Maza, Con e Caldas de Reis. O trazado previsto sobrevoa varios cursos fluviais (os principais serían os ríos Tambre, Sar, Ulla e Umia) e numerosos regos e regatos.

A vexetación está dominada por repoboacións de piñeiro e eucalipto, entre as que aparecen áreas de arboredo autóctono (carballeiras), matogueira e prados e cultivos. Nalgúns cursos fluviais aparece vexetación de ribeira, aínda que de forma descontinua. Ao longo do trazado o territorio atópase en xeral moi transformado polos usos forestais e agrícolas, existindo numerosas pistas e devasas.

Entre a fauna inventariada na área figuran varias especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, coas categorías de vulnerables (o peixe *Alosa alosa*, o agnato *Petromizon marinus*, os anfibios *Chioglossa lusitanica*, *Pelobates cultripes*, *Rana iberica*, *R. temporaria* e *Hyla arborea*, o réptil *Iberolacerta monticola*, as aves *Circus pygargus* e *Charadrius alexandrinus* e os morcegos *Rhinolophus ferrumequinum* e *R. hipposideros*) e en perigo de extinción (o molusco *Margaritifera margaritifera*, o réptil *Chalcides bedriagai* e a ave *Emberiza schoeniclus*). Non obstante, en posteriores estudos máis detallados o promotor sinala que na zona de afección do proxecto moitas delas estarían ausentes debido ao tipo de hábitat existente e aos actuais usos do solo.

No que respecta a espazos protexidos e a outras zonas ou elementos de interese ambiental, o trazado sobrevoa as zonas especiais de conservación (ZEC) *Esteiro do Tambre* e *Sistema fluvial Ulla-Deza*, que tamén ostentan a categoría de zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN). No contorno da traza hai varios humidais dos recollidos no Inventario Galego de Humidais e tamén algunhas árbores e formacións senlleiras catalogadas no Decreto 67/2007. Outras áreas de interese botánico segundo o estudo ambiental serían as carballeiras de Nimo-Lueiro, Suevos, Ermedelo, Cruces-Pedroso e Infesta (en estados de conservación moi dispares) e as bandas de vexetación de ribeira presentes nalgúns dos cursos fluviais que discorren pola zona (principalmente nos ríos Beba, Tambre, Sar, Ulla e Umia).

En canto ao patrimonio cultural, na zona de estudo identificáronse numerosos elementos do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico. Unha das liñas (L/Lousame-Tibo) sobrevoa o Camiño de Santiago (Camiño Portugués) no tramo en que este discorre en paralelo á estrada N-550.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

A tramitación deste expediente iniciouna o entón Ministerio de Medio Ambiente, quen determinou que o proxecto tiña que someterse ao trámite de avaliación de impacto ambiental por tratarse dunha liña eléctrica aérea a 220 kV de máis de 15 km de lonxitude.

No marco do trámite de consultas previas efectuado polo dito organismo, o órgano ambiental desta Comunidade Autónoma emitiu o 30 de maio de 2006 un informe sobre a Memoria-resumo do proxecto, entón denominado "*Línea eléctrica a 220 kV Mazaricos-Tambre-Tibo (A Coruña-Pontevedra)*".

O citado Ministerio continuou coa tramitación ambiental ata chegar á fase de presentación do estudo de impacto ambiental (EIA) por parte do promotor, como paso previo ao trámite de información pública.

Polo cambio normativo introducido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, pola Lei 17/2007, os trámites substantivos e ambientais da citada instalación pasan a ser competencia desta Comunidade Autónoma. Derivado do anterior, o 30 de novembro de 2010 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas unha consulta da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña sobre a validez dos trámites efectuados ata a data polo Ministerio de cara a continuar pola Comunidade Autónoma co procedemento de autorización administrativa das instalacións que comprende o referido proxecto.



Mediante oficio do 18 de xaneiro de 2011, o órgano ambiental considerou válidos os referidos trámites e notificoulle á xefatura territorial certos aspectos a engadir ao EsIA de cara á súa exposición pública, xa en base ao RDL 1/2008, así como unha serie de indicacións sobre os trámites que tiña que realizar na avaliación de impacto ambiental (información pública e consultas a organismos) e o contido do expediente que no seu momento tiña que remitir ao órgano ambiental.

Mediante Resolución do 22 de novembro de 2012 (publicada no DOG núm. 241, do 19.12.2012), a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña someteu a información pública os anteproxectos/proxectos de execución das instalacións que compoñen o proxecto, así como o EsIA conxunto de todas elas de acordo co solicitado polo órgano ambiental. Así mesmo, efectuou o trámite de consultas sobre o dito estudo ambiental.

O 5 de agosto de 2015 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas como órgano substantivo por razón da materia.

Unha vez revisado o seu contido, considerouse necesario emendalo en diversos aspectos, polo que se cursou unha solicitude de emenda o 2 de outubro de 2015.

O 29 de agosto de 2016 ten entrada, xa na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, unha parte da documentación solicitada.

O 9 de xaneiro de 2017 recíbese, a través do órgano substantivo co obxecto de completar a antedita emenda, o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza sobre a documentación achegada polo promotor en resposta ao primeiro informe emitido pola dita dirección xeral.

2.2. Análise do expediente

O expediente ambiental contén, entre outra documentación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas adendas se é o caso.

- En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:
 - A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite un primeiro informe sobre o EsIA único, o seu documento de síntese de maio de 2011 e o documento *"Informe final de la evaluación cultural (Prospección arqueológica) de las líneas eléctricas a 220 kV Lousame-Tibo y Lousame-Mazaricos, fase de anteproyecto y LE a 220 kV Lousame-L/Tambre-Santiago, fase de proyecto (A Coruña-Pontevedra). Diciembre 2009"*, no cal sinala unha serie de deficiencias e carencias na documentación achegada e solicita que se emenden para poder emitir un informe sobre o impacto arqueolóxico do proxecto.

En resposta ao dito informe e logo de manter reunións de carácter técnico coa dita dirección xeral, o promotor achega o documento *"Informe final de evaluación cultural (Prospección arqueológica) de las líneas eléctricas a 220 kV LE Lousame-Tibo, LE Lousame-Mazaricos y LE Lousame-L/Tambre-Santiago (A Coruña-Pontevedra). Mayo 2014"*, respecto ao cal a dirección xeral establece unha serie de medidas protectoras que deberán contemplarse na declaración de impacto ambiental e conclúe que, dado que a localización final dos apoios e o trazado da liña determinaranse no proxecto de execución, deberáselles remitir un exemplar do referido proxecto para que de ser o caso o autorice. Cabe sinalar que no documento figura unha proposta de modificación do trazado da LAT Lousame-Tibo para reducir o impacto sobre o xacemento arqueolóxico Castro Lupario.

- A Dirección Xeral de Conservación da Natureza emite un primeiro informe no que, tras efectuar un resumo das instalacións proxectadas e dos principais elementos do medio natural na área de estudo, incorpora as consideracións dos servizos de Conservación da Natureza da Coruña e de Pontevedra, para rematar sinalando que o nivel de concreción da documentación non é suficiente para efectuar unha adecuada análise e valoración do impacto ocasionado polos proxectos. Como exemplo máis relevante sinalan a carencia de detalle nos cruzamentos dos espazos protexidos *Esteiro do Tambre* e *Sistema fluvial Ulla-Deza*. Conclúen polo tanto a necesidade de completar a documentación para poder avaliar as afeccións que o proxecto pode ocasionar sobre os valores naturais.

O promotor responde a este informe mediante un escrito no que defende a validez do EsIA e xustifica que na fase actual da tramitación do expediente, e considerando que o documento técnico en base ao que se instrúe o procedemento é un anteprojecto, non pode achegar a información solicitada, pero asume o seu contido e indica que será tido en conta en fases posteriores da tramitación.

Porén, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, en calidade de órgano ambiental, considerou necesario completar a documentación nos termos sinalados pola dita dirección xeral, polo que este foi un dos aspectos obxecto da solicitude de emenda que se cursou o 2 de outubro de 2015, segundo se recolle no punto 2.1 da DIA.

En resposta á devandita solicitude, o promotor achega o documento *"Informe adicional para dar respuesta al requerimiento de la D.X. de Conservación da Natureza. Mayo de 2016"*, á vista do cal a Dirección Xeral de Conservación da Natureza considera que o proxecto non producirá unha afección significativa sobre os espazos naturais protexidos da Rede Natura 2000, sempre que o impacto e as medidas se axusten ás sinaladas no documento. Lembra non obstante que antes do inicio das obras é preciso que o promotor solicite a pertinente autorización para a actuación, conforme o disposto no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia ou ben, no seu caso, no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.

Así mesmo, en relación ao proxecto no seu conxunto e co fin de minimizar o impacto, maximizar a integración medioambiental, paliar algunhas carencias da documentación e garantir a mellor protección ambiental, sinala unha serie de consideracións a ter en conta, que fan referencia ás áreas de ocupación temporal, protección e manexo da vexetación nas rúas de seguridade, deseño das rúas, seguimento de avifauna e seguimento do impacto sobre os valores naturais, en especial sobre aqueles protexidos ou de interese ecolóxico.

- O Instituto de Estudos do Territorio sinala nun primeiro informe que a maior parte do contido dos estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP) achegados resulta proporcionado á entidade dos proxectos e se axusta formalmente ao establecido na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Non obstante, como hai afección visual sobre distintas áreas protexidas e núcleos de poboación, consideran necesario que se complete a documentación cunha serie de planos e fotomontaxes para valorar axeitadamente as alternativas consideradas.

En resposta ao dito informe o promotor achega o documento *"Informe complementario para el Instituto de Estudios do Territorio. Octubre 2013"*, con cuxo contido o Instituto considera cumprimentado o seu primeiro informe, lembrando que na medida do posible deberá evitarse a tala das especies arbóreas situadas no bordo da fachada sur da parcela onde se proxecta a subestación Lousame, que actúan como barreira visual para evitar a súa visibilidade desde as infraestruturas de comunicación situadas ao sur (futuro corredor Brión-Noia, estrada C-543) e desde o miradoiro de Monte Colou. Así mesmo, constatan un efecto paisaxístico negativo no contorno do Castro Lupario, sen ben sinalan que para este aspecto estarase ao que estableza o órgano competente en materia de patrimonio cultural.



- A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública sinala que a documentación reflicte axeitadamente os principais impactos que poden afectar á saúde da poboación, así como as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia que se adoptarán por parte do promotor, polo que non formula obxeccións ao EsIA.
- A Axencia Turismo de Galicia considera que a cualificación dalgún dos posibles impactos do proxecto (emisións sonoras, campos electromagnéticos, afección sobre a propiedade e usos recreativos) non está suficientemente explicada para poder valorar unha posible compensación, sen cuestionar a necesidade das infraestruturas obxecto do proxecto.

O promotor responde a este informe cun escrito no que defende a validez do EsIA e xustifica as conclusións sobre os referidos impactos, ampliando a información nalgúns casos e indicando noutros a parte do EsIA na que se pode localizar. Esta resposta foille remitida á Axencia, quen non se manifestou sobre o seu contido, polo que o órgano substantivo continuou coa tramitación do procedemento.

- A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinala que os instrumentos de planeamento urbanístico dos concellos afectados consideran usos permitidos as liñas de transporte de enerxía eléctrica, polo que os proxectos son compatibles desde o punto de vista urbanístico.
- O Servizo de Montes da Coruña da Consellería do Medio Rural emite catro informes, un para cada unha das instalacións consideradas. Todos eles inclúen unha descrición da actividade e dos valores forestais da zona correspondente. No apartado final recollen a lexislación forestal de aplicación e sinalan que para determinar as superficies de afección haberá que considerar a lexislación específica sobre liñas de transporte de electricidade ademais da normativa enumerada. Conclúen que á vista do estudo das superficies forestais que previsiblemente serán afectadas polas instalacións, non se atopan circunstancias que determinen a imposibilidade de executar os proxectos. Non obstante, sinalan que as incidencias recollidas en cada informe deberán ser avaliadas en fases posteriores da tramitación para determinar afeccións, servidumes, concorrencias ou prevalencias de declaracións demaniais, etc.

O promotor responde a estes informes asumindo as condicións que figuran neles e indicando que o seu contido deberá reflectirse na declaración de impacto ambiental.

Non obstante, cómpre indicar que varias desas cuestións atinxen a aspectos que esencialmente non revisten carácter ambiental (compatibilidade con aproveitamentos forestais ou medios de extinción de incendios, cumprimento da normativa específica de liñas eléctricas...), polo que, tal e como sinala o dito Servizo, serán consideradas polos órganos competentes na fase que proceda no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

- O Servizo de Montes de Pontevedra da Consellería do Medio Rural emite un informe sobre a LAT 220 kV Lousame-Tibo no que recolle os montes demaniais ou veciñais en man común afectados polo trazado da liña, describe o estado actual deses montes e conclúe que a actuación proposta non afecta significativamente ás formacións forestais consideradas no seu informe, agás no tramo final nas proximidades da subestación de Tibo, onde o trazado realiza un desvío non xustificado na documentación que prolonga a afección sobre o monte de San Andrés e inclúe innecesariamente ao monte Agüeiros, polo que propón que se modifique este último tramo.

O promotor responde a este informe mediante un escrito no que indica que o paso da liña polos montes de Santa María e San Andrés e o monte Agüeiro non obedece a un trazado infundado, senón que se tratou de evitar zonas de maior sensibilidade catalogadas, como solos urbanos/urbanizables ou núcleos rurais, procurando alonxar a liña o máximo posible dos núcleos de poboación e vivendas illadas, e condicionado tamén pola presenza de numerosos xacementos arqueolóxicos. Hai tamén naves industriais e outras construcións, e estradas e outras liñas eléctricas coas que é preciso manter unha

distancia de seguridade, o que impide propoñer un trazado coincidente ou máis paralelo coa actual L/220 kV Portodemouros-Tibo.

Esta resposta foille remitida á Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, quen achega un novo informe do Servizo Territorial de Pontevedra do cal se desprende que non está de acordo coa xustificación do promotor, entre outras razóns porque non lle parece xustificable que o desexo de manter unha equidistancia entre o trazado e os núcleos de poboación sexa causa suficiente para provocar afeccións ambientais, cando esta liña e outras da zona manteñen distancias dispares a núcleos de poboación ou edificacións illadas, en ocasións inferiores ás reflectidas na resposta do promotor.

- A Axencia Galega de Infraestruturas informa favorablemente en relación coa afección do proxecto á rede autonómica de estradas, indica a normativa que ten que cumprir en canto a distancia dos apoios ás estradas e a altura dos condutores nos cruzamentos e sinala que para realizar obras dentro da zona de afección das estradas o promotor deberá solicitar a pertinente autorización.
- A Deputación Provincial da Coruña emite un informe favorable no que recolle as afeccións do proxecto sobre as estradas provinciais da súa competencia, lembrando que antes da execución das obras que se atopen en zona de afección dalgunha estrada provincial deberán solicitarse as correspondentes autorizacións.
- A Deputación Provincial de Pontevedra emite un informe favorable sobre o EslA, indicando que nel se recolleron as observacións feitas no seu día sobre a memoria-resumo.
- A Demarcación de Estradas do Estado en Galicia emite informe favorable ao EslA e sinala que para a execución de actuacións en zona de protección de estradas de competencia estatal deberán presentarse as correspondentes solicitudes e obter as pertinentes autorizacións.
- O Concello de Teo emite un informe favorable centrado fundamentalmente en aspectos urbanísticos (indica que se trata dun uso permitido polo planeamento) e, no que atinxe a cuestións ambientais, suxire unha serie de medidas para que se teñan en conta no desenvolvemento do proxecto (referidas esencialmente a emisións de po e sonoras, reposición de servizos afectados, residuos, protección da avifauna e labores de restauración e integración paisaxística), moitas das cales figuran de xeito habitual nas declaracións de impacto ambiental de liñas eléctricas e, neste caso concreto, por exemplo nos puntos 3.1, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.7 da DIA.
- O Concello de Negreira advirte que, de acordo coa cartografía do PXOM, a liña sobrevoa as áreas de respecto de dous xacementos arqueolóxicos, o Castro de Agrís e a mámoa da Serra da Pena M2. Así mesmo, sinala discrepancias na superficie delimitada do Castro de Angrís.

A este respecto hai que sinalar que, de acordo co *“Informe final de evaluación cultural (Prospección arqueolóxica) de las líneas eléctricas a 220 kV LE Lousame-Tibo, LE Lousame-Mazaricos y LE Lousame-L/Tambre-Santiago (A Coruña-Pontevedra). Mayo 2014”* elaborado posteriormente ao EslA, a mámoa da Serra da Pena estaba incorrectamente localizada no PXOM e non se ve afectada pola liña e o voo sobre o perímetro do Castro de Angrís, cuxa delimitación é menor que a do PXOM, considérase compatible tendo en conta o estado actual da contorna. Este documento conta co informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, coas condicións que se recollen no punto 3.6 da DIA.

- O Concello de Cuntis indica que, aínda que o EslA inclúe un informe arqueolóxico coa localización dos xacementos arqueolóxicos, as áreas de influencia delimitadas por Patrimonio Cultural non coinciden coas reflectidas nos planos. Así mesmo, achega unhas fichas dos xacementos que poderían resultar afectados e que precisarían da corrección das referidas áreas.



Cómpre indicar que, tal e como figura neste mesmo apartado da DIA, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tamén detectou ese erro no estudo arqueolóxico e solicitou a súa emenda. En resposta ao dito requirimento, o promotor achegou con posterioridade o documento *“Informe final de evaluación cultural (Prospección arqueolóxica) de las líneas eléctricas a 220 kV LE Lousame-Tibo, LE Lousame-Mazaricos y LE Lousame-L/Tambre-Santiago (A Coruña-Pontevedra). Mayo 2014”*, que xa conta co informe favorable da dita dirección xeral, coas condicións que se recollen no punto 3.6 da DIA.

- O Concello de Valga expón unha serie de obxeccións ao proxecto, fundamentalmente que producirá un fraccionamento de montes veciñais en man común, que a liña pasa moi preto das casas do núcleo de Os Martores, que atravesará estradas de titularidade municipal, que se empregarán as infraestruturas do concello sen ter en conta a compensación ou reposición de danos, que non figuran os accesos á liña, afección a redes de abastecemento de augas, que fai referencia a un PXOM obsoleto, que o impacto paisaxístico será negativo e permanente, que hai elementos do patrimonio cultural e que son necesarias autorizacións en materia de augas e montes, por afectar a solos con protección de augas e forestal. Conclúe que o impacto será moi negativo, pero atendendo á necesidade da infraestrutura, recomenda ter en conta as consideracións do seu informe, sobre todo no referente ao respecto, reposición ou indemnización de danos a bens de titularidade municipal e ao máximo afastamento posible da liña do núcleo de Os Martores (achega unha proposta nun plano anexo).

O promotor responde a este informe aclarando as fases da tramitación do expediente e indicando que será nunha fase posterior (fixación do prezo xusto) onde se determinarán as compensacións ou indemnizacións que correspondan pola afección do proxecto a montes e a outros bens. En canto á distancia ao núcleo de Os Martores, indica que a liña cumpre en todos os casos as distancias mínimas de seguridade establecidas na lexislación vixente e, concretamente no caso de Os Martores, discorre a máis de 100 m das vivendas. Xustifica a imposibilidade de afastala máis, conforme á proposta do Concello, xa que ese movemento xeraría impactos sobre hábitats naturais de interese comunitario, elementos arqueolóxicos e áreas delimitadas no Plan Sectorial Eólico.

Ao anterior pódese engadir que a distancia ao núcleo de Os Martores é de aproximadamente uns 190 m e que nos apartados 3.1 a 3.7 da DIA inclúense condicionados relativos a varios dos aspectos sinalados polo Concello.

- Consta así mesmo, para cada unha das instalacións consideradas, o informe da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña en calidade de unidade tramitadora, que achega un relatorio da tramitación practicada no expediente tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental, concluíndo que procede continuar coa tramitación do expediente de cara a obter a autorización administrativa das instalacións.
- No referente a alegacións, no expediente remitido constan as presentadas pola Entidade Local Menor de Arcos da Condesa, por Ángel Martínez Pérez, por Luis Rajoy Iglesias e outros asinantes, e polos irmáns Constantino, Mónica e Requina Schnackig.

Unha boa parte do seu contido non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (aspectos urbanísticos, limitacións ao planeamento, imposición de servidumes sobre terreos de titularidade privada ou montes veciñais) e que serán obxecto doutra fase da tramitación administrativa de cara á autorización do proxecto polo órgano substantivo.

No que se refire exclusivamente aos aspectos ambientais cabe indicar que, de conformidade co exposto no punto 4 desta DIA, logo de examinar a documentación que constitúe o expediente considérase a viabilidade ambiental do proxecto sempre que se cumpran, ademais das medidas que figuran no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que se establece ao longo desta DIA, principalmente nos puntos 3.1, 3.2, 3.5 e 3.7 no que respecta ao contido ambiental das ditas alegacións.

Cómpre indicar así mesmo que, de acordo coa documentación avaliada, ao longo de todo o seu trazado as liñas gardan sobradamente as distancias mínimas a edificacións establecidas no regulamento de liñas eléctricas aéreas de alta tensión.

3. ÁMBITO DA DIA E CONDICIÓN AMBIENTAIS

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que esta declaración de impacto ambiental refírese as seguintes instalacións eléctricas:

- Nova subestación a 220 kV de Lousame, no concello de Lousame (A Coruña), que ocupará unha superficie dunhas 2,1 hectáreas. Inclúe un edificio de control e mando, dunha soa planta.
- LAT a 220 kV Lousame-Mazaricos, de dobre circuíto, con orixe na antedita subestación Lousame e final na subestación de Mazaricos (Mazaricos, A Coruña), existente. A traza prevista ten uns 27,431 km de lonxitude e atravesa os concellos de Lousame, Rois, Brión, Negreira, Outes e Mazaricos, na provincia da Coruña. Contará con condutor tipo Cóndor AW e dous cables de terra e fibra óptica tipo OPGW, sobre apoios metálicos de celosía.
- LAT a 220 kV Lousame-Tibo, de dobre circuíto, con orixe na subestación Lousame antes indicada e final na subestación de Tibo (Caldas de Reis, Pontevedra), existente. A traza prevista ten uns 40,338 km de lonxitude e atravesa terreos dos concellos de Lousame, Rois, Brión, Padrón e Teo na provincia da Coruña e de Pontecesures, A Estrada, Valga, Cuntis e Caldas de Reis na de Pontevedra. Contará con condutor tipo Cóndor AW e dous cables de terra e fibra óptica tipo OPGW, sobre apoios metálicos de celosía.
- LAT a 220 kV de E/S na subestación Lousame da LAT 220 kV Santiago-Tambre, de dobre circuíto e 1,656 km de lonxitude, con orixe e final no apoio nº 30 da dita L/Santiago-Tambre logo de efectuar entrada e saída na subestación de Lousame. Tamén disporá de condutor tipo Cóndor AW e dous cables de terra e fibra óptica tipo OPGW, sobre apoios metálicos de celosía. A traza atravesará os concellos de Lousame, Rois e Brión, na provincia da Coruña.

O trazado definitivo das liñas e a localización final dos apoios determinaranse no proxecto de execución, logo de adaptar o que figura no documento de síntese do EslA -de maio de 2011- e nos documentos *"Informe final de evaluación cultural (Prospección arqueolóxica) de las líneas eléctricas a 220 kV LE Lousame-Tibo, LE Lousame-Mazaricos y LE Lousame-L/Tambre-Santiago (A Coruña-Pontevedra). Mayo 2014"*, *"Informe complementario para el Instituto de Estudios do Territorio. Octubre 2013"* e *"Informe adicional para dar respuesta al requerimiento de la D.X. de Conservación da Natureza. Mayo de 2016"* ás condicións que se deriven desta DIA e a aquelas outras que poidan xurdir, se é o caso, ao longo do procedemento de autorización administrativa das instalacións. Neste sentido, achegárase a documentación solicitada no punto 3.9.2 a).

Así mesmo, e tras realizar a referida análise do expediente, establécense as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no EslA e a restante documentación avaliada:

3.1. Protección da atmosfera

1. Os niveis de presión sonora debidos á execución e funcionamento do proxecto deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas correctoras oportunas (pantallas de illamento acústico, revestimento con materiais illantes na subestación, etc).



2. Respecto aos campos electromagnéticos, estarase ao disposto no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioelétrico, restricións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas.

3. En relación co indicado nos puntos anteriores e de acordo co proposto no EsIA, levaranse a cabo medicións dos valores de ruído e de campos electromagnéticos na fase de funcionamento das liñas/subestación. Para tal fin, o promotor deberá contar cos respectivos plans de seguimento, en cuxa elaboración terá en conta o sinalado no punto 3.8.2.1 da DIA.

3.2. Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos (por colocación de apoios, accesos á traza, realización de cruzamentos, etc.), así como desvíos, captacións ou verteduras se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia.

Así mesmo, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación.

2. Extremaranse as precaucións na execución e control das obras naquelas zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica ou zonas húmidas, adoptando todas as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuran na documentación avaliada, así como as que se derivan desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación dos cursos fluviais e a calidade das augas. Prestarase especial atención ao balizamento das ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra.

3. Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de forte pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de chuvias, cheas ou escorregada superficial.

4. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se atopen na área de influencia das obras. Deberán solicitarse os pertinentes permisos para actuacións relacionadas coas ditas redes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

5. Calquera operación de formigonado próxima aos leitos dos ríos deberase realizar en condicións que eviten o derramo de formigón e a contaminación das augas. Así mesmo, non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga.

6. En relación coa zona destinada a parque de maquinaria e casetas de obra, establecerase unha canle de garda para evitar que as augas de escorredura procedentes do exterior resulten contaminadas, desviándoas fóra. Para as augas interiores disporanse cunetas perimetrais que as recollan e dirixan cara a unha balsa de decantación antes da súa vertedura ao medio natural.

Unha vez finalizadas as obras, as lamas da dita balsa xestionaranse conforme o establecido na lexislación vixente e procederase ao seu desmantelamento e restauración.

7. En relación coa fosa séptica prevista para o tratamento das augas residuais que se xeren no edificio de control e mando da subestación de Lousame, o promotor deberá obter a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizarase o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

3.3. Protección do solo e infraestruturas

1. Realizarase unha delimitación das distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que se axustará ao establecido nesta DIA. Non se poderán ocupar terreos fóra dos previstos. A circulación de maquinaria restrinxirase aos accesos e, no seu caso, á rúa de seguridade.
2. Os elementos do proxecto non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das devasas e pistas forestais existentes zona, debéndose garantir a súa operatividade.
3. De acordo co EslA, evitarase a realización de voaduras. Non obstante, no caso de ter que realizalas, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberanse retirar da zona e ser depositados nun lugar autorizado.
4. Nos terreos de forte pendente utilizaranse apoios con patas desiguais co fin de minimizar o terreo afectado polas escavacións e a execución de desmontes ou terrapléns. Así mesmo, disporanse mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo.
5. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido aos labores de instalación ou mantemento das liñas, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.
6. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.
7. As obras, edificacións, instalacións, pechamentos ou accesos que se desenvolvan na zona de afección das estradas requirirán autorización do órgano competente da Administración titular do tramo afectado.

3.4. Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución, mantemento e, no seu caso, desmantelamento das infraestruturas obxecto desta DIA, deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.
2. Os amoreamentos temporais de materiais de obra e residuos, así como as casetas de obra, o parque de maquinaria e calquera outra instalación provisional asociada ás obras localizaranse en zonas de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastadas de calquera curso de auga ou área de protección arqueolóxica. Para este último aspecto estarase ao sinalado no punto 3.6 da DIA. A localización prevista reflectirase no plano requirido no punto 3.9.2 a).
3. Os labores de mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes.
4. Ao inicio da fase de explotación das liñas e subestación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante as obras.



3.5. Protección da fauna, vexetación e outros valores naturais

3.5.1. Sobre a fauna

1. Respecto á protección da avifauna fronte ás colisións e electrocucións, no EsIA propónse a colocación de dispositivos salvapaxaros nas zonas consideradas con maior risco de colisión, que serían os cruzamentos das liñas cos ríos Tambre, Ulla e Umia, entre os vértices 5-6 da LAT Lousame-Mazaricos e 12-13/20-21 da LAT Lousame-Tibo, respectivamente. No referente ao risco de electrocución, sinala que queda descartado ao tratarase de liñas de 220 kV, polas dimensións desta categoría de liñas.

Pola súa banda, no documento “Informe adicional para dar respuesta al requerimiento de la D.X. de Conservación da Natureza. Mayo de 2016”, engádense a estas zonas o contorno do río Xallas (entre os vértices 8-10 da LAT Lousame-Mazaricos) e o cruce sobre o río Sar (entre os vértices 6-7 da LAT Lousame-Tibo). Así mesmo, delimitáanse con maior precisión dúas das tres zonas que xa estaban propostas no EsIA, os cruzamentos sobre os ríos Tambre e Ulla.

Porén, debe terse en conta, no que resulte de aplicación, o Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, no que respecta ás zonas de protección ás que fai referencia o seu artigo 4.

Así, dado que case a totalidade da traza proxectada atópase dentro da delimitación do Plan de recuperación da escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus* subesp. *lusitanica* en Galicia, o promotor deberá contar, previamente ao inicio das obras, cun informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural sobre a aplicación do establecido no referido real decreto ao restante trazado non considerado nas propostas do promotor.

Unha copia do dito informe, xunto coa documentación na que se basee, deberá ser achegada polo promotor a este órgano ambiental, a través do órgano substantivo, conforme o requirido no punto 3.9.2 b) da DIA.

Estes dispositivos deberanse manter operativos durante toda a vida útil da liña, para o cal se efectuarán as pertinentes revisións periódicas e se procederá á súa substitución cando perdan a súa funcionalidade.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo para a instalación dos apoios ou a apertura da rúa de seguridade das liñas verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor.

En especial, atenderase á presenza de aves rapaces (na zona están inventariadas varias especies que aninhan en árbores; miñado *Buteo buteo*, gabián *Accipiter nisus*, azor *Accipiter gentilis*, miñado abelleiro *Pernis apivorus*, falcón pequeno *Falco subbuteo*, avelaiona *Strix aluco*...) ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Así mesmo, e dado que entre as aves rapaces inventariadas na zona figura a tartarafa cincenta *Circus pygargus* (catalogada como vulnerable no Catálogo galego de especies ameazadas), que nidifica sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto é susceptible de verse afectada polas obras, previamente aos labores de roza da matogueira levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das instalacións.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutro tramo da liña) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Non obstante o anterior e con carácter xeral, para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación na rúa de seguridade, así como as tarefas de mantemento periódico, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (en especial se ostentan algunha figura de protección legal e tendo en conta, en calquera caso, o artigo 9 do Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

5. En canto ao seguimento das posibles afeccións, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de colisións e electrocucións de aves co tendido, así como identificar posibles tramos e/ou apoios problemáticos neste sentido.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, aumentar o número de dispositivos salvapaxaros ou cambiar a súa tipoloxía, instalación de disuasores de pousada, illamento de condutores, intensificar o seguimento, etcétera.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de seguimento da incidencia do proxecto sobre a avifauna, redactado por técnicos competentes e que terá en conta o indicado no punto 3.8.2.2 da DIA.

3.5.2. Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto, sen facer uso do lume nin de fitocidas nestas tarefas. Para a matogueira empregaranse sistemas de roza.

2. Respectarase ao máximo posible a vexetación arbórea existente na área de implantación das liñas, en especial as formacións de frondosas autóctonas e a vexetación de ribeira. En calquera caso, previamente á corta de arboredo terá que realizarse a comunicación de corta ou solicitude de autorización ou permiso segundo corresponda, en función do disposto na normativa de aplicación.

3. En relación coa presenza de hábitats naturais de interese comunitario no ámbito das actuacións proxectadas, do informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza sobre o documento *“Informe adicional para dar resposta al requerimiento de la D.X. de Conservación da Natureza. Mayo de 2016”* despréndese a viabilidade ambiental do proxecto sempre que se teñan en conta as consideracións que indican no seu informe. Prestarase polo tanto especial atención ao cumprimento das medidas que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA, tendo en conta especialmente o sinalado no punto 3.8.

4. No referente aos accesos á traza, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se recolle no EsIA, na planificación dos accesos á traza e aos puntos de instalación dos apoios primará sempre o máximo aproveitamento da rede de pistas e camiños existentes, co fin de minimizar a execución de novos accesos. Pode considerarse tamén o emprego da propia rúa de seguridade, limitándoo ás zonas de menor valor ambiental.
- No caso dos novos accesos, para definir o trazado teranse en conta os posibles valores ambientais existentes na área, os criterios de planificación e deseño e as medidas protectoras e correctoras propostas na documentación e o condicionado establecido nesta DIA. Cómpre subliñar que, sempre que sexa posible, os novos accesos efectuaranse por simple rodadura fronte aos que precisen movementos de terras.
- A anchura dos accesos será a mínima imprescindible para o paso da maquinaria que fará uso deles. De acordo co indicado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, en xeral procurarase un deseño cun único carril, xustificándose a excepción.



- A descrición detallada e a xustificación do tipo e dimensións de cada acceso en función da maquinaria que os empregará e a sensibilidade ambiental de cada zona (por exemplo, por presenza de hábitats naturais, arboredo autóctono ou elevadas pendentes) recolleranse nun documento que deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Unha copia do dito informe, xunto coa documentación na que se basee, deberá ser achegada polo promotor a este órgano ambiental, a través do órgano substantivo, conforme o requirido no punto 3.9.2 a) da DIA.

- Independentemente do tipo de acceso, previamente á súa execución delimitarase fisicamente o trazado para evitar afeccións por sobredimensionamento ou tránsito incontrolado de maquinaria fóra deles.
- Aqueles novos accesos que non vaian ser empregados durante a fase de funcionamento da liña deberanse reintegrar na paisaxe, revexetándoos en toda a súa extensión.

5. En canto ao replanteo dos apoios e das áreas de ocupación temporal necesarias para a súa instalación, seguiranse igualmente os criterios e as medidas protectoras e correctoras que figuran na documentación avaliada, así como o condicionado establecido nesta DIA.

De acordo co indicado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, as áreas de montaxe dos apoios deberán ter as menores dimensións posibles nas zonas de maior sensibilidade ambiental, entre elas as ocupadas por hábitats de interese comunitario. A descrición destas áreas e do seu proceso de implementación (xustificando o tipo de área, a súa xeometría, os medios empregados e as alternativas consideradas) recolleranse nun documento que deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Unha copia do dito informe, xunto coa documentación na que se basee, deberá ser achegada polo promotor a este órgano ambiental, a través do órgano substantivo, conforme o requirido no punto 3.9.2 a) da DIA.

6. En relación coa apertura e mantemento da rúa de seguridade das liñas, teranse en conta as seguintes consideracións:

- A rúa de seguridade deberá estar limpa de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas da rúa determinarase en función da lexislación sectorial aplicable, tanto a referente a liñas eléctricas como as disposicións vixentes en materia forestal e de prevención de incendios forestais.

En consonancia co indicado no EsIA, no deseño e execución das rúas teranse en conta os criterios técnicos e o respecto á bioloxía das especies implicadas, para o cal pode determinarse un pasillo de ancho variable, garantindo a súa persistencia ao longo da vida útil (pódense empregar fitos vexetais como marcadores). Esta medida aplicarase fundamentalmente nas áreas con frondosas autóctonas.

- En calquera caso, deberase respectar ou reducir a afección ao mínimo imprescindible, a vexetación de ribeira e outras árbores e rodais singulares, así como as especies autóctonas, singulares e/ou protexidas, de ser o caso.

Neste sentido, extremaranse as precaucións na execución dos cruzamentos sobre a rede fluvial para salvaguardar a vexetación de ribeira existente nalgúns dos cursos fluviais sobrevoados polas liñas (principalmente no rego Entíns e nos ríos Beba, Tambre, Sar e Ulla), así como nas zonas onde o trazado atravesase masas de frondosas autóctonas (carballeiras de Nimo-Lueiro, Suevos, Ermedelo e Infesta, en estados de conservación moi dispares).

Para o cumprimento desta premisa, e en consonancia co previsto no EsIA, seguirase como criterio básico o da intervención mínima no manexo da vexetación arbórea, tanto de cortas como de podas. Considerarase tamén a opción de sobreelevar os apoios ou elixir outro modelo máis alto para que os condutores alcancen unha maior altura sobre o arboredo e así evitar ou minimizar a corta ou poda de exemplares.

Así mesmo, e ademais de cumprir coas medidas propostas na documentación avaliada, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza recomenda manter o cortexo florístico destas masas que sexa compatible coas liñas, tal como *Frangula alnus*, *Malus sylvestris*, *Pyrus cordata*, *Prunus sp.*, *Crataegus monogyna*, *Ilex aquifolium*, *Arbutus unedo* ou calquera outra especie compatible que se atope nestas franxas, e suxire á súa vez que se enriqueza a súa presenza nas zonas nas que fose preciso efectuar cortas.

Indica así mesmo que se procurarán manter inalteradas as condicións do solo nestas zonas, evitando o paso de maquinaria e exposicións que poidan propiciar a súa degradación, adoptando as medidas oportunas para a súa protección.

Por último, sinala que se se detectan mouteiras ou exemplares salientables, se lles deberá comunicar este feito previamente a calquera intervención.

- En calquera caso, as actuacións baixo a liña consensuaranse coas direccións xerais de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e de Patrimonio Natural (antiga Dirección Xeral de Conservación da Natureza) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Todas as cuestións que figuran neste apartado recolleranse nun documento no que se describan detalladamente (cualitativa e cuantitativamente) as actuacións previstas, as intervencións silvícolas, a dasimetría das especies afectadas, os elementos da biocenose existentes (inventario), así como as reincorporacións que se teñan previsto efectuar (restauracións, enriquecementos de especies, fitos vexetais...). O dito documento deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Unha copia do dito informe, xunto coa documentación na que se basee, deberá ser achegada polo promotor a este órgano ambiental, a través do órgano substantivo, conforme o requirido no punto 3.9.2 a) da DIA.

7. Disporanse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios tanto na fase de obras como na de funcionamento das instalacións, entre elas as que figuran no EsIA.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria a empregar, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación...). Así mesmo, no programa de seguimento e vixilancia ambiental incorporaranse controis co fin de acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

9. Na xestión da biomasa vexetal eliminada (en especial a procedente da apertura das rúas de seguridade) terase en conta, ademais das medidas que figuran no EsIA, a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.

3.5.3. Sobre os espazos protexidos da Rede Natura 2000

Como xa se indicou, o trazado da LAT Lousame-Mazaricos sobrevoa entre os vértices 5 e 6 o río Tambre, que forma parte da zona especial de conservación (ZEC) *Esteiro do Tambre* e que tamén posúe a categoría de zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN).



Pola súa banda, a traza da LAT Lousame-Tibo sobrevoa entre os vértices 6-7 e 12-13 os ríos Sar e Ulla respectivamente, que forman parte da ZEC *Sistema fluvial Ulla-Deza* e que, ao igual que o espazo anterior, tamén ostenta a categoría de ZEPVN.

Logo da análise do EsIA e, posteriormente, do documento *“Informe adicional para dar resposta al requerimiento de la D.X. de Conservación da Natureza. Mayo de 2016”*, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza considera que o proxecto non producirá unha afección significativa sobre estes espazos protexidos da Rede Natura 2000, sempre que o impacto e as medidas se axusten ás sinaladas na documentación.

Lembra así mesmo a citada dirección xeral que antes do inicio das obras o promotor deberá solicitar a pertinente autorización para a actuación, conforme o disposto no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia ou ben, no seu caso, no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.

Prestarase polo tanto especial atención ao cumprimento das medidas que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA, tendo en conta especialmente o sinalado no punto 3.8.

3.6. Protección do patrimonio cultural

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, logo de examinar o documento *“Informe final de evaluación cultural (Prospección arqueolóxica) de las líneas eléctricas a 220 kV LE Lousame-Tibo, LE Lousame-Mazaricos y LE Lousame-L/Tambre-Santiago (A Coruña-Pontevedra). Mayo 2014”*, establece as seguintes medidas protectoras:

1. Deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e, de ser o caso, de restitución dos terreos, en todo o ámbito do proxecto. Para tal fin, con anterioridade ao inicio da fase de replanteo, o promotor presentará un proxecto arqueolóxico axustado á normativa en materia de protección do patrimonio cultural, que deberá considerar o seguinte:
 - Na fase de replanteo defíniranse os accesos á traza, os lugares de circulación de vehículos, as zonas de acopio de materiais e o parque de maquinaria, e avalíaranse desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural. Para eses efectos o promotor achegará, co fin de que sexa informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, un documento asinado pola persoa que asuma a dirección do proxecto de control e seguimento arqueolóxico no que se avalíe o posible impacto xerado por eses elementos ou calesquera outros non considerados na avaliación cultural.
 - No caso de que non se prevea a execución de novos accesos, farase constar nun documento asinado polo responsable da obra.
 - As obras que se desenvolvan nas áreas de protección de bens culturais deberán realizarse baixo a supervisión directa do responsable do control e seguimento arqueolóxico.
2. Con anterioridade ao inicio das obras ou accións que se vaian desenvolver nas zonas da traza que non puideron ser revisadas na prospección arqueolóxica, o equipo de control e seguimento arqueolóxico deberá revisar, na medida do posible, os trazados das liñas. No caso de que se contemple a limpeza de vexetación da área de servidume das liñas, a revisión farase antes de calquera obra ou acción do proxecto para previr danos sobre bens do patrimonio cultural que non foran localizados previamente.

No caso de que aparecese algún ben cultural moble ou inmovible, deberán paralizarse as obras nese tramo e achegar un informe asinado pola persoa que asuma a dirección do control e seguimento arqueolóxico, no que se describa o ben e se avalíe o impacto que sobre este podería ocasionar a execución da liña e a súa explotación.

3. No que respecta ao Camiño de Santiago, teranse en conta as seguintes medidas:
- Como medida correctora do impacto visual sobre o Camiño Portugués, na medida do posible optárase por apoios de tipo dobre capa, que empregan torres máis baixas que os de dobre bandeira.
 - Con carácter xeral, respectaranse as pendentes, rasantes, anchura e trazado dos camiños, así como os elementos de carácter natural ou tradicional (muros, valos, noiros, vexetación, fontes...) que poidan existir nas súas marxes.
 - Os materiais que se empreguen tanto nas liñas como nos apoios deberán ser de tons mate e acordes co cromatismo da paisaxe circundante.
4. As cortas e rozas necesarias para a execución da rúa de seguridade das liñas no contorno de bens culturais realizaranse de xeito puntual e controlado, e unha vez realizadas revexetaranse con especies autóctonas de baixo porte.
5. Os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, postos en relación coa infraestrutura eléctrica no seu conxunto, deberán representarse nunha cartografía a escala representativa (mínimo 1:5.000) e incluírse no proxecto de control e seguimento arqueolóxico. Terase en conta a localización correcta da antiga casa reitoral de Xallas.
6. Unha vez definido o proxecto de execución (coa traza definitiva das liñas e a localización final dos apoios), achegarase un exemplar en soporte dixital á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para que esta, de ser o caso, o autorice.

En relación co establecido nos puntos 3.6.1 e 3.6.6, o promotor deberá achegar a este órgano ambiental, a través do órgano substantivo, unha copia dos informes e/ou autorizacións que emita a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, conforme o requirido no punto 3.9.2 a) da DIA.

3.7. Integración paisaxística e restauración

1. Co fin de procurar a mellor integración paisaxística das instalacións proxectadas, terase especial coidado na aplicación das medidas protectoras, correctoras e de restauración e integración paisaxística que figuran na documentación avaliada, en especial no contorno das zonas con maior fragilidade visual ou que teñan usos recreativos.

No caso concreto da nova subestación de Lousame, e de acordo co sinalado polo Instituto de Estudos do Territorio, deberá evitarse a tala das especies arbóreas situadas no bordo da fachada sur da parcela onde se vai construír, para que actúen como barreira visual.

2. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (instalación dos apoios, execución de novos accesos, apertura da rúa de seguridade -en especial en zonas de elevada pendente-, contorno da subestación, área de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos...) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, levaranse a cabo as actuacións de restauración e revexetación propostas na documentación avaliada, tendo en conta as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, conforme as distintas superficies a restaurar acadan o seu estado definitivo.



- Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Garantirase o mantemento ao longo do tempo das medidas de restauración e integración paisaxística adoptadas, para o cal se efectuará un seguimento da súa efectividade e se levarán a cabo as actuacións complementarias oportunas no caso de que se detecten dificultades para o seu desenvolvemento.

3. No caso de que as instalacións quedasen definitivamente fóra de servizo, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalas e recuperar a situación preoperacional da zona que ocupaban. Con carácter xeral, considerarase a desmontaxe e retirada dos apoios, illadores e condutores, demolición dos pedestais ou peañas das zapatas, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

3.8. Programa de vixilancia e seguimento ambiental

3.8.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras que figuran na documentación avaliada e no condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberá incorporarse os controis e estudos necesarios para adaptalo aos condicionantes que se derivan desta DIA. Na redacción do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono se é o caso) a periodicidade, indicadores e limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- As tomas de mostras, medicións e/ou analíticas deberán ser realizadas por un organismo de control autorizado ou entidade acreditada ou autorizada, e os resultados terán que vir asinados por persoal técnico da entidade. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou nesta declaración, comunicaráse inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilas. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control, notificando o nomeamento ao órgano substantivo, quen o comunicará ao órgano ambiental.

3.8.2. Aspectos específicos

1. En relación co control dos niveis de ruído e de campos electromagnéticos ao que se fai referencia no punto 3.1 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Unha vez determinado no proxecto de execución o trazado definitivo das liñas segundo o establecido no punto 3, o promotor elaborará os respectivos plans de seguimento para comprobar que na fase de operación non se superan os valores límite legalmente establecidos en canto a emisións sonoras e campos electromagnéticos.
- Nestes plans deberá constar, xustificadamente, a metodoloxía e as técnicas e equipos de medición que se empregarán, os puntos de control, a periodicidade das medicións e os límites legais que hai que respectar.
- A localización dos puntos de control deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectiranse nun plano xeral a escala 1:25.000 e planos de detalle a escala 1:5.000. Nunha táboa indícarase a distancia de cada un deles ao condutor ou apoio máis próximo.
- Os resultados das campañas preoperacionais propostas no EsIA incorporaranse aos sucesivos informes de seguimento ambiental, comparándoos cos datos que se obteñan en cada período de seguimento.

2. En canto aos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 3.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 3.8.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 3.5:
 - Control da nidificación de rapinas do xénero *Circus* sobre o solo e doutra avifauna de interese en arboredo.
 - Seguimento de avifauna e control da eficacia e do estado dos dispositivos salvapaxaros instalados.
 - Protección dos hábitats naturais de interese comunitario e outras formacións ou especies vexetais singulares ou protexidas, tanto pola colocación dos apoios como pola apertura de accesos, campas de traballo e rúa de seguridade, prestando especial atención á salvagarda dos valores das ZEC *Esteiro do Tambre* e *Sistema fluvial Ulla-Deza*.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera.
- Co fin de implementar un sistema de seguimento que garanta o anterior, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza indica así mesmo os seguintes requisitos:
 - O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior. Identificarase ao redactor e indícarase a súa cualificación e a data de realización do seguimento e dos informes.
 - Realizarase unha inspección previa e inmediatamente anterior a calquera intervención sobre o medio que certifique que as actuacións previstas non van provocar impactos diferentes aos sinalados durante a avaliación ambiental. Débese certificar que os valores naturais e os impactos sinalados e considerados como compatibles nas condicións establecidas seguen a ser os mesmos, e no caso de detectarse desvíos significativos estes deben ser documentados e analizados. No caso de valorarse como menores, este feito deberase poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Natural xunto coas medidas adoptadas ao respecto, sen prexuízo da súa comunicación ao órgano substantivo segundo se establece no punto 3.8.1 da DIA. No caso de valorarse como significativos, ademais do anterior deberán paralizarse as actuacións que poidan inducir impactos negativos.



- As inspeccións deberán ir acompañadas dunha documentación formada pola acta da inspección e por un informe descritivo, que deberán ter un grao de detalle preciso (con datos medibles e cuantificables sempre que sexa posible), describindo con detalle a metodoloxía empregada na súa obtención, os datos que se obteñen, o tratamento destes, as conclusións, os desvíos con respecto á documentación avaliada, unha descrición detallada do obxecto do seguimento, unha valoración do cumprimento dos obxectivos, etcétera.
- Especial atención revestirá a inspección sobre hábitats e especies, fundamentalmente os protexidos e/ou de destacado valor ecolóxico.
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna, teranse en conta as seguintes consideracións segundo o indicado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza:
 - O seguimento realizarase durante a vida útil do proxecto, variando no seu caso a intensidade en función dos resultados que se vaian obtendo.
 - A metodoloxía poderá axustarse á proposta por Red Eléctrica de España (REE) no seu documento *"Elaboración de metodoloxía y protocolos para la recogida y análisis de datos de siniestralidad de aves por colisión en líneas de transporte de electricidad. Mayo 2014"*.

3.8.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental.

Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración, coa supervisión da persoa responsable do control do cumprimento da DIA.

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo as medidas protectoras e correctoras) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:25.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM, no que se reflita a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Informe onde se detallen os resultados do seguimento efectuado de acordo co programa de vixilancia proposto na documentación avaliada e de todos aqueles controis que se deriven desta DIA (indicando datas das visitas), en especial dos puntos 3.5 e 3.8 (protección da avifauna, hábitats naturais de interese comunitario e formacións ou especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tanto pola colocación dos apoios como pola apertura de accesos e rúa de seguridade, salvagarda dos valores das ZEC *Esteiro do Tambre* e *Sistema fluvial Ulla-Deza*, etc.), indicando así mesmo as incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas, xestión dos residuos de obra, labores de restauración e integración paisaxística efectuados, etc. O informe avaliará o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos que figuran nela.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final da área afectada polo proxecto tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se instalaron os apoios e a subestación, estado dos accesos e rúa de seguridade, limpeza da área (en especial da zona ou zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), tramos con dispositivos salvapaxaros, zonas onde se adoptaron medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano *as built*, a escala 1:25.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflicta a localización real de todas as instalacións do proxecto, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras ou compensatorias. Inclúirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) da localización definitiva dos apoios.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas capas: trazado da liña e localización de apoios. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM (Universal Transversal de Mercator), adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciada a fase de explotación tras a posta en servizo das instalacións, o promotor deberá achegar con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados do control dos niveis de ruído e das medicións de campos electromagnéticos, conforme se deriva do punto 3.1 da DIA.
- b) Resultados do plan de seguimento de avifauna e do control do estado dos dispositivos salvapaxaros instalados, tendo en conta o sinalado no punto 3.5 da DIA.
- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan os resultados dos labores de restauración e integración paisaxística efectuados, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, estado da rúa de seguridade e tarefas de mantemento periódico levadas a cabo, aparición no seu caso de especies invasoras, etc. Detallaranse así mesmo os controis efectuados para verificar a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras e correctoras propostas na documentación avaliada e o cumprimento do condicionado desta DIA. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. **Informe previo ao abandono:** no caso de que se prevexa o abandono das instalacións ao que fai referencia o punto 3.7.3 da DIA, cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de



condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallan todas as actuacións previstas para o cumprimento do dito punto 3.7.3.

5. **Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono das instalacións, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflecta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.

3.9. Outras condicións

1. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo de restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Para os ditos efectos propónse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, o 1% do orzamento do proxecto de execución (considerando o conxunto das instalacións obxecto desta DIA).

2. De acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental, o promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, as datas de inicio de obras e de posta en servizo das instalacións.

Xunto coa comunicación do inicio das obras o promotor achegará, para a súa constancia no expediente, un exemplar en papel e outro en soporte dixital da seguinte documentación:

a) Documento de síntese do trazado definitivo (incluíndo localización de apoios e accesos), que o promotor elaborará tras a obtención de todas as autorizacións e informes sectoriais que resulten pertinentes, no que se describa con detalle e se valore desde a perspectiva ambiental cómo se incorporaron ao proxecto os condicionados que se derivan desta DIA e aqueles outros que poidan ter xurdido ao longo do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

O dito documento incluirá como mínimo os seguintes anexos:


- Copia dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural aos que se fai referencia nos puntos 3.5.2.4, 3.5.2.5 e 3.5.2.6 da DIA, así como da documentación na que estes se baseen.
- Copia dos informes e/ou autorizacións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en relación co establecido nos puntos 3.6.1 e 3.6.6 da DIA, así como da documentación na que se baseen.
- Un informe do órgano substantivo sobre o cumprimento do regulamento de liñas eléctricas aéreas de alta tensión no que respecta ás distancias mínimas a edificacións e construcións.
- Plano de planta xeral, a escala 1:25.000 ou maior detalle e referenciado en coordenadas UTM, no que se reflectan todas as instalacións proxectadas, así como as zonas onde se ten previsto levar a cabo medidas protectoras, correctoras ou compensatorias. Figurará así mesmo a localización prevista da zona ou zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria segundo se derive do punto 3.4.2 da DIA. Incluirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) da localización definitiva de todos os apoios.
- Ficheiros dixitais do antedito plano, coas capas: trazado da liña e localización de apoios. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM (Universal Transversal de Mercator), adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

- b) Copia do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ao que fai referencia o punto 3.5.1.1 da DIA, xunto coa documentación na que se basee.

4. PROPOSTA

Logo de examinar a documentación que constitúe o expediente ambiental, este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran, ademais das condicións incluídas no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, as que se recollen ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre elas, prevalecerá o disposto nesta proposta de DIA.


O xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos



Manuel Díaz Cano



Conforme
O subdirector xeral de Avaliación Ambiental



Carlos Calzadilla Bouzón

Esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, visto todo o que antecede e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, **RESOLVE** formular a declaración de impacto ambiental favorable para o proxecto, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar condicionados adicionais aos anteriores.

Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente, deberáselle notificar previamente a esta dirección xeral, quen o avaliará e decidirá sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso se procede ou non modificar a declaración ou iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

Esta declaración farase pública a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático



María Cruz Ferreira Costa



ANEXO

